

PROCESO DE ADMISIÓN 1º ESO DOCUMENTACIÓN REQUERIDA PARA PROCEDER Á BAREMACIÓN

Debido a que a demanda de prazas escolares para 1º de ESO é superior á oferta, é necesario que todo o alumnado presente solicitude de Admisión, na forma e prazo establecido.

Os solicitantes de praza teñen **que presentar, ademáis da solicitude de admisión** a documentación xustificativa dos criterios xerais de admisión alegados pola persoa solicitante. Esta documentación entregárase **de forma presencial, no centro**, e en concreto **débesse presentar:**

- Certificación do padrón municipal de habitantes, no que debe constar o domicilio familiar e os membros da familia que conviven nel e data de alta na vivenda.
- Facer constar no Anexo II presentado, a cantidade correspondente da declaración do IRPF.
Ademais, para proceder á valoración da renda per cápita da unidade familiar, as persoas interesadas deberán facer constar a cantidade correspondente á base imponible no caso de declaración conxunta, ou á base imponible de cada un dos declarantes da unidade familiar, no caso de declaración individual. A tal efecto constará a cantidade que resulte da suma das casañas 435 e 460 da declaración do IRPF do ano 2020. Cando non presente a declaración do IRPF, constarán os ingresos segundo os datos tributarios que facilite a Axencia Estatal de Administración Tributaria. Esta cantidade dividirase polo número de membros da unidade familiar.
- Documentación xustificativa dos criterios do baremo a valorar, para establecer a puntuación correspondente (según establece o anexo II)

PRAZOS DE PRESENTACIÓN E PUBLICACIÓN

Solicitude de admisión (aplicación **admisionalumnado**): do 1 ata o 21 de marzo.

Presentación da documentación acreditativa dos criterios de baremo: **ata o 8 de abril de 2022.**

Publicación das listaxes provisionais de persoas admitidas e non admitidas: antes do 25 de abril de 2022.

Publicación das listaxes definitivas de persoas admitidas e non admitidas: antes do 15 de maio de 2022.

[Normativa aplicable e manuais para as familias](#)